



## Avisos

\* A Unidade Mobil 3 da ITV para vehículos agrícolas desprazarase a Boimorto os días 30 e 31 de xaneiro (9:00 a 13:30 e 15:15 a 18:00) e o día 1 de febreiro (9:00 a 13:30,º pola tarde non haberá revisión), no sitio de sempre por detrás do Centro Médico, para anotarse chamar ao teléfono 902 30 90 00 ou ben a través da web <http://www.sycityv.com/es/>.

## Centro de maiores

\* O Centro social Municipal de Maiores permanecerá pechado dende o día 24 de decembro ata o 8 de xaneiro do ano novo. Co motivo da feira, o 3 de xaneiro, o centro permanecerá aberto e haberá servizo de autobús. O día 9 de xaneiro volveremos ó horario de costume.

\* **Pinchos de Nadal dos usuarios do Centro Municipal Social de Maiores** O vindeiro 21 de decembro a Asociación de Usuarios/as do Centro Social Municipal de Maiores organiza uns pinchos de Nadal para todos os/as usuarios/as do Centro. Os pinchos organizarase no propio centro e ao remate dos mesmos actuará unha charanga. Haberá transporte pola mañá á hora de sempre e para a volta a casa tralos pinchos

**As persoas interesadas en participar nesta festa deberán anotarse entre o 10 e o 18 de decembro no propio centro ou chamando ó teléfono de Servizos Sociais do Concello (981 516075) onde os anotarán e lles dirán o prezo dos pinchos.**

## Cabalgata Reis

\* **Cabalgata de reis.** Sairá da Casa do Concello, precorrerá as rúas de Boimorto e rematará no Pabellón Deportivo onde haberá sorpresas e animación para os máis cativos. **Data:** 05/01/2018 **Hora:** 18:00 h

## Servizos Sociais

\***Programa de Termalismo Social (IMSERSO):** Está aberto o prazo de solicitude de praza de Termalismo Social do IMSERSO.

- Para os meses de febreiro a agosto: Deberase solicitar antes do 4 de xaneiro 2019

- Para os meses de setembro a decembro: Deberase solicitar antes do 11 de maio de 2019

Tramitaranse as solicitudes nos Servizos Sociais (981 51 60 75).

\***Actividades lúdicas no proxecto de Bebeteca**As actividades xa deron comezo os luns e xoves (en horario de 16:45h. a 18:15h.) nas instalacións de Punto de Atención á Infancia, mais todas as familias que estean interesadas pódense incorporar á actividade.

Esta actividade consta de obradoiros con diferentes actividades lúdicas dirixido a nenos/as de 1 a 7 anos. É un servizo gratuíto que pretende favorecer a relación e comunicación entre os nenos/as e as súas familias realizando actividades lúdicas e educativas coordinadas por unha mestra e nas que os adultos participan dun xeito activo.

Os menores deberán vir acompañados polo seu pai/nai/titor.

\***Actividades de Conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante o periodo vacacional de verán e no Nadal:**

## Campamento de Nadal: "Armose o Belén"

Dirixido a: nenos/as de idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos. Para a realización da actividade deberá haber un mínimo de 15 nenos/as e un máximo de 30 nenos/as inscritos.

**Preferencia de acceso:** unidades familiares con problemáticas asociadas á conciliación. Terase en conta o nivel de renda da unidade familiar e darase prioridade ás familias participantes con menos ingresos.

**Lugar:** Centro Social Municipal de Maiores. Os días 3 (mañá) e 4 (tarde) as actividades terán lugar na Casa da Cultura.

**Datas:** 26, 27 e 28 de decembro e 2, 3 e 4 de xaneiro.

**Horario:** de 10:00 h ata as 13:00 h agás o último día que será en horario de tarde.

Inscribirse nos Servizos Sociais entre o 10/12/2018 e o 18/12/2018.

Información nos servizos sociais do concello. Teléfono: 981 516075 (Preferentemente en horario de 9:00 a 10:00 ou de 12:30 a 15:00)



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



CONCELLO DE  
BOIMORTO

## Cultura

\* **Nacemento vivente.** Representado polos/as rapaces/zas participantes no Campamento de Nadal. 04/01/2018 **Lugar:** Casa da Cultura. **Horario:** 19:00 h

\* **Actuación do Mago Kenneth.** O venres 28 de decembro teremos a actuación do mago-ilusionista Joshua Kenneth que nos deleitará cun espectáculo de máxia e algo de humor no que poderán participar os membros do público asistente. Na casa da cultura ás 12:00 h.

## Emprego

### \* CONVOCATORIA CURSOS OFICINA DE EMPREGO DE MELIDE

A oficina de emprego de Melide vai a poñer en marcha a partir do vindeiro ano 2019 os seguintes cursos:

- Cociña
- Operacións básicas de cociña
- Operacións básicas de catering
- Operacións básicas de restaurante- bar
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

As **persoas desempregadas** que desexen inscribirse para participar no proceso de selección dalgún dos cursos, deberán acudir á Oficina de Emprego de Melide **A PARTIR DO DÍA 02/01/2019** e solicitar o curso para que poidan saír preseleccionados pola referida oficina.



No nome do equipo de goberno que presido e, no meu propio, espero e desexo que este nadal a compañía dos vosos seres queridos se convirta no combustible para comezar un novo ano con enerxía e vitalidade.

**Bo Nadal !**

María Jesús Novo  
Alcadesa do Concello de Boimorto